



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Anuncio aprobación bases de selección para a contratación laboral temporal de persoal para a execución de obras e servizos municipais 2025 - Programa PEL 2025 Deputación Provincial da Coruña

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 330/2025, de data 02.05.2025, aprobáronse as bases de selección para a contratación laboral temporal de tres peóns para o programa PEL 2025.

O prazo de presentación de solicitudes é de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Val do Dubra, 8 de maio de 2025

O alcalde en funcións, Antonio Negreira Noya (Resolución número 316/2025, de data 29/04/2025).



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Anexo I. Bases

BASES PARA SELECCIÓN E CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE TRES PEÓNS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS DO ANO 2025.

1º) OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a selección de peóns para a realización de obras e servizos do Concello de Val do Dubra, ao abeiro do Programa de Integración Laboral aprobado pola Deputación Provincial da Coruña e publicado no BOP nº 200 do 16 de outubro 2024.

2º) NÚMERO DE PRAZAS.

Tres peóns.

3º) TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

A modalidade da contratación será de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, con código 505 ao ser a contratación a tempo parcial (31 horas semanais), previsto no Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ademais da normativa especificada nas Bases específicas do Programa Pel-Concellos 2025, publicadas no BOP nº 200, do 16.10.2024.

A duración do contrato será de 6,5 meses e, en todo caso, ata como máximo o 31.12.2025, e coas retribucións fixadas para o grupo C3/AP no anexo do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Val do Dubra (BOP núm. 221, do 15.11.2024) coas actualizacións legalmente establecidas; os primeiros quince días do contrato de traballo constitúen o período de proba.

Salario Bruto: 1.143,18€

4º) OBXECTO DO CONTRATO.

O persoal contratado realizará o traballo de mantemento dos servizos mínimos municipais e a realización de tarefas de mellora e mantemento de instalacións, infraestruturas e espazos naturais.

5º) REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ter a nacionalidade española ou de calquera dos Estados membros da Unión Europea, ser cónxuxe de calquera dos anteriores sempre que non estea separado de dereito, ser descendente de calquera deles sempre que sexa menor de vinte e un anos ou maior da dita idade pero dependentes, ou ter calquera outra nacionalidade á que lle sexan aplicables tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sobre libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- Ter cumpridos os 16 anos da idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
- Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo ou na data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, segundo se recolle nos apartados 2.- Bases específicas do Programa Pel Concellos 2025, Base 3.- Destinatarios/as e requisitos, 3.2.-Requisitos do persoal a contratar das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2025, publicadas no BOP. nº 200, do 16.10.2024:

1. Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
2. Maiores de 45 anos.
3. Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.
4. Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
5. Persoas en situación de drogodependencia.
6. Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
7. Persoas con fogar monoparental.
8. Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
9. Persoas vítimas de violencia de xénero.
10. Persoas sen fogar.

As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen a dita situación como a continuación se detalla:

- Mulleres, Persoas maiores de 45 anos: Fotocopia DNI.
- Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego): Informe de vida laboral actualizado.
- Persoas con discapacidade: Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido polo administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
- Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

6º) PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA, PRESENTACIÓN DAS INSTANCIAS E DA DOCUMENTACIÓN.

A convocatoria e as presentes bases publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, na web municipal e no taboleiro electrónico do Concello de Val do Dubra. A publicación dos sucesivos anuncios efectuarase na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello.

As solicitudes acompañaranse coa documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria. As solicitudes poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Val do Dubra, nas oficinas municipais (Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, de luns a venres (de 8:30 a 14:30 horas), ou en calquera das formas que sinala o art.16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de dez (10) días hábiles dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico a correo@valdodubra.gal solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

A solicitude deberá ir acompañada por copia de:

- DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- Se é o caso, certificado que acredite, como mínimo, CELGA 1 ou equivalente.
- Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5 e) das bases.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada.

Os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7º) ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS. TRIBUNAL.

- Rematado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicárase no taboleiro electrónico do Concello e na páxina web municipal (www.valdodubra.gal) e esta publicación será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de tres días hábiles, contado dende o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Posteriormente o alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro electrónico do Concello e na páxina web municipal (www.valdodubra.gal). Na mesma resolución o alcalde designará aos membros do órgano de selección do procedemento e determinará o lugar, data e hora de realización da fase de oposición.
- De non existir aspirantes excluídos/as, o alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

Tribunal. O tribunal, titulares e suplentes, encargado da selección estará integrado por:

Presidente/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Vogais (3): Un/Unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Secretario/a: Un/unha funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo da administración designado/a pola Alcaldía.

Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

8º) SELECCIÓN.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas opositoras que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI.

O procedemento selectivo será de oposición, podendo os/as aspirantes acadar ata un máximo de 20 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación.

O tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro electrónico do Concello.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Contido e desenvolvemento do proceso selectivo. Oposición. O proceso de selección dos candidatos/as, realizarase mediante o desenvolvemento das seguintes fases:

8.1) Exercicio de carácter obrigatorio (10 puntos). Consistirá en contestar por escrito un exame tipo test sobre o contidos referidos ao programa que aparece no Anexo II.

8.2) Proba Práctica (10 puntos). O exercicio consistirá na realización dunha proba práctica relacionada cas funcións a desenvolver no posto de traballo.

8.3.- Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG núm. 34. 19 de febreiro de 2014).

Unha vez rematadas as outras probas publicarase a listaxe das persoas candidatas. Os que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso que acredite o grao de coñecemento do idioma galego, serán convocadas á realización dunha proba oral, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a.

9º) PROPOSTA DE NOMEAMENTO E RESOLUCIÓN.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal elevará proposta de nomeamento e lista de reserva de contratación, por orde decrecente das puntuacións acadadas no procedemento de selección, coa finalidade de que podan ser contratadas. En caso de empate terán preferencia na contratación os aspirantes que acadasen maior puntuación na proba práctica, de persistir o empate terán preferencia na contratación os aspirantes que leven máis tempo como desempregados e de persistir o empate realizarse un sorteo entre os candidatos que obtiveron igual puntuación.

A acta do tribunal publicarase no taboleiro electrónico do Concello de Val do Dubra e na páxina web municipal, na que aparecerá o listado coas puntuacións por orde decrecente, acadadas por cada unha das persoas aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación.

Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no rexistro xeral do Concello de Val do Dubra. Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta listaxe de contratación. Esta resolución será publicada no taboleiro electrónico do Concello e na páxina web municipal e substituirá ás notificacións individuais ás persoas interesadas, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015.

10º) FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Coas persoas candidatas non contratadas, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas, que estará vixente ao longo do período de duración do programa.

As comunicacións realizaranse telefonicamente, deixando constancia da mesma por parte do empregado público encargado de realízalas mediante a oportuna dilixencia. Se no momento da comunicación, o aspirante renuncia ao posto sen causa xustificada, a primeira vez pasará a ocupar o último posto da lista, e a segunda será excluído da mesma por Decreto de Alcaldía. A renuncia voluntaria sen xustificación a un contrato xa asinado antes da súa finalización, producirá os mesmos efectos para o/a traballador/a que os arriba contemplados.

Considéranse causas xustificadas para renunciar a ocupar o posto de traballo e, por tanto, a que non se apliquen as medidas correctoras contempladas no parágrafo anterior, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando noutro sitio (acreditado mediante contrato de traballo).
- Maternidade ou adopción legal.
- Exercicio da representación sindical ou cargo público electo.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

- Matrimonio.
- Falecemento de familiar ata o seguinte grado de consanguinidade ou afinidade.

O/a candidato/a terá un prazo de 1 día hábil para achegar a devandita documentación dende o chamamento realizado. A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases estará vixente ata o 31.12.2025.

11º) PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

- A persoa proposta presentará no Rexistro Xeral do Concello de Val do Dubra, no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, no Taboleiro electrónico do Concello e na páxina web municipal, os seguintes documentos:
 1. Informe médico oficial actualizado polo que non deberá ter unha antigüidade superior a 3 meses contados dende a data da resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba o/a aspirante seleccionado/a, no que conste que non se padece enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que se opta.
 2. Declaración responsable de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
 3. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
 4. Declaración responsable de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
 5. Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.

2.- A non presentación dentro do prazo fixado no parágrafo anterior da presente base, da documentación antes referida, agás os casos de forza maior, ou cando da presentación dos documentos se desprenda o non cumprimento dos requisitos da convocatoria ou supostos de falsidade na documentación presentada para tomar parte no proceso selectivo, dará lugar á invalidez das actuacións do aspirante, e xa que logo, a nulidade dos actos do Tribunal en relación co aspirante e a imposibilidade de efectuar o seu nomeamento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades nas que puidese ter incorrido.

Neste caso, a proposta considerase feita a prol dos aspirantes que, segundo á orde de puntuación obtida, teñan cabida no número de postos convocados, todo iso como consecuencia da citada anulación.

12º) INCIDENCIAS.

1.- As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. alcalde-presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2.- Para o non previsto nestas bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico de empregado público.

13º) PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Val do Dubra con sede na Rúa Arcái, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I.

DATOS DO SOLICITANTE.

Nome e apelidos:

NIF:

Enderezo a efectos de notificación:

Municipio:

Provincia:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:

EXPÓN e SOLICITA

Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de 3 peóns como persoal laboral para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Val do Dubra ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se achegará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

Que autorizo ao Concello de Val do Dubra para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro electrónico do concello e na páxina web municipal ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Achégase a seguinte documentación (marcar cunha X):

☐ Fotocopia do DNI.

☐ Fotocopia do título de Celga 1.

☐ Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.

☐ Documentación acreditativa de cumprir con algunha das situación recollidas deseguido, risque a que corresponda (base 5. e):

Risque Situación de exclusión laboral.

Documentación a achegar:

☐ Mulleres, Persoas maiores de 45 anos: Fotocopia DNI.

☐ Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego): Informe de vida laboral actualizado.

☐ Persoas con discapacidade: Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido pola administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.

☐ Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.

Lugar, data e sinatura.

SR ALCALDE DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA.

ANEXO II

PROGRAMA DE ACCESO AOS POSTOS DE PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS.

TEMARIO XERAL

Tema 1. O Concello de Val do Dubra. Poboación e territorio: parroquias e aldeas, vías de comunicación.

Tema 2. O Concello de Val do Dubra. Organización

TEMARIO ESPECÍFICO POSTO PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS:

Tema 1. Nocións básicas para o desenvolvemento do posto de peón de obras e servizos

Tema 2. Prevención de riscos laborais no posto de peón de obras e servizos